

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

xela arias

17M

**O 17 de maio
hai que celebralo**

Forma parte do noso ser máis
íntimo: a memoria de **Xela Arias**



Feliz Día das Letras Galegas!



Concello de Noia
www.noia.es

17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

A caso sexa a declaración que sostén con máis clara rotundidade a postura vital e literaria de Xela Arias. Un inconformismo creativo e solidario que, desde a lucidez dunha mente en rebeldía, despregou ao longo de corenta e un anos de vida a paixón da palabra na súa máis depurada independencia, en cada un dos seus actos poéticos, culturais, cívicos. Por ser exactas, ela dixo:

Pois se me declaro inconforme co mundo, se me declaro contradictoria e filla das miñas contradicións (...) a poesía convérteseme nunha táboa de salvación no naufraxio das razóns estritas. Necesidade que xorde da urxencia por entende-lo humano contraposto, pero tamén, e quizais antes, do descontento coa orde establecida, calquera que sexa.

Tamén poderíamos principiar por aquí: “do descontento coa orde establecida, calquera que sexa”. E comezaríamos xa a configurar algúns dos trazos que distinguen a voz dunha escritora que desenvolveu o seu discurso textual e vital no difícil exercicio da liberdade e a desobediencia.

Proporemos neste achegamento á vida e á obra de Xela Arias Castaño un perfil, acompañaremos a poeta no seu facer memoria, convocaremos as súas palabras, tamén outras voces e lecturas que precisaremos para andar polos pasos, polos textos. Finalmente descubriremos a vixencia e o desafío que se mantén intacto no corpus literario dunha autora que cruzou as últimas décadas do século pasado cunha audaz poética e a coherencia dunha ex-céntrica determinación literaria.

Xela Arias. Declárome inconforme

Escritora, tradutora, editora e docente, toda a actividade da poeta gravita arredor das palabras. E con elas estableceu un pacto de esixencia: rigorosa e delicada na edición e na tradución; liberadora, transgresora e non menos rigorosa, no poema. Entre eses marcos vai estendendo un labor consciente, meditado, decidido.

O idioma é a arxila que moldea a vida de Xela Arias. As palabras dunha lingua que restaura a posibilidade de ser dun país e que ela trata desde esa conciencia: “O idioma é o principal signo dunha cultura”, dicioa en 1988 e seguía:

Quere iso dicir que un pobo que se alonxa do seu idioma alónxase da súa cultura. Quere iso dicir que a un pobo ó que alonxan do seu idioma alónxano da súa cultura. Quere iso dicir que Galicia ten aínda hoxe os seus mitos, a súa tradición sen resolver porque ten aínda sen resolve-la aceptación do seu propio idioma.

Foi, ao nacer, María de los Ángeles, sería despois María dos Anxos, en 1984 cambia o nome polo seu equivalente en galego

me polo seu equivalente en galego, e acabaría sendo o que ela era, Xela, en 1995. A escolla do nome propio e a perseveranza no tempo para que así constase oficialmente, evidencian o alto grao de conciencia idiomática, á que contribuíu o ambiente familiar que nutriu desde os primeiros anos a súa estima da lingua.

Filla de Amparo Castaño López e Valentín Arias López, nace en Ortoá, en Sarria o 4 de marzo de 1962, é a maior de cinco irmáns. Os tres primeiros anos de vida decorren na contorna da Granxa de Barreiros. A actividade laboral do pai está vinculada ao proxecto pedagógico creado por Antonio Fernández López do que xermolaría tamén o Colexio Fingoi

de Lugo, no que inicia Xela Arias estudos de primaria. En 1969 a familia trasládase a Vigo, cidade decisiva na biografía e na obra dunha “nena de barrio e vida proletaria”, nas súas palabras. Completa ensino primario na Escola Nacional Graduada de Sárdoma en Moledo (logo Colexio Público de Sárdoma-Moledo) onde o seu pai exerce como mestre.

Unha selva de paxaros, un coche de nata, outra selva de leopardos e un soño. Con estes materiais escribe *A fraga dos paxaros faladores* e *a fraga leopardicia*, un dos moitos contos que trenzan a súa infancia. Lémbrese escribindo desde sempre, contos que logo os seus pais pasaban a máquina, no inicio moi curtos despois máis extensos. É o caso deste co que gañou o primeiro premio no VI Concurso de Contos Infantís O Facho. Nunha entrevista con motivo do premio explica: “no me gustó nada, nada, nada. Me parecía demasiado malo para mandarlo”. A nena de once anos amosa xa un dos trazos que acompañará a súa actividade literaria: a esixencia. Xela Arias, que publica a súa obra en dúas décadas de intensa actividade poética, mantén un medido ritmo de edición, catro títulos entre 1986 e 2003.

Na mesma entrevista relata outro conto protagonizado por unha bruxa de dedos máxicos que lle axuda a un grupo de mulleres a cruzar un río na noite. A distancia dos papeis convencionais das figuras femininas será un máis dos trazos dunha escritora que construírá outros relatos do corpo e da experiencia das mulleres. “Elas seguen tendo malditas rosas nos beizos mentres bambolean os pés senta-

**Galicia é a idea e
somos parte dela.**

Feliz Día das Letras Galegas

17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

das no pedestal que as inutiliza”, dirá anos despois sobre as imaxes femininas dalgunhas obras literarias nas últimas décadas do século XX.

Xela escribe os seus contos en galego: *Yo creo que en Galicia se debía hablar siempre en gallego. Y lo mismo que nosotros aprendemos castellano los de otras partes pueden hacer un esfuerzo y llegar a hablar nuestro idioma.*

Era o ano 1973. Non lle gustaban os peluches ni xogaba moito coas bonecas.

Cando en 1980 Xela Arias decide non presentarse aos exames de COU, toma corpo unha decisión que vai máis aló da rebeldía adolescente, conecta cos discursos críticos que naquela altura cuestionaban a formación académica e plasma a súa ansia de independencia: “tiña moi interiorizado o anxeio de independencia (...) Rebotábame ademais o sistema de estudos, cría que todo o que necesitaba podía aprendelo pola miña conta”.

A escolla afásta dos itinerarios previsíbeis, atesourará unha experiencia de vida distante das dinámicas académicas. Nas claves do seu pensamento “a autoaprendizaxe é autogoberno, é autonomía”. Ese “autogoberno” marcará distancias, tamén no literario, cos percorridos da súa xeración e converteraa nunha figura de difícil “adscrición” na cartografía poética das últimas décadas do século XX. Lonxe das aulas universitarias comeza a publicar os seus primeiros poemas inmersa na vida urbana dunha cidade que nos anos oitenta experimenta unha profunda transformación. De noite a cidade desborda unha eufó-



Xela Arias, escribindo. Foto: Xulio Gil

rica vida cultural, a ritmo de rock, de pop, de punk, de accións poéticas, fanzines e concorridos locais alternativos. A moda, o deseño, grupos de teatro, colectivos artísticos e medios de comunicación conflúen no perfil dunha urbe que fai gala de modernidade ao tempo que toma as rúas en masivas manifestacións contra a reconversión naval e amosa o seu carácter de cidade obreira. A crise económica rexistra altas taxas de paro e a heroína comeza a circular. A sida irrompe con forza e con ela os estigmas, tamén o activismo. Son tempos de mobilizacións feministas, reivindicacións

de dereitos, debates e organización de xornadas; apenas acababa de abolirse o delito de adulterio (1978). En 1982 Xela Arias comeza a publicar os seus poemas, o número 3 da revista *Dorna* inclúe *Vin...*

Evidénciase axiña a orixinalidade desa voz que comeza a publicar os primeiros textos en revistas, xornais e fanzines: *Dorna*, *Carel*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Katarsis*, *Tintimán*, *Faro de Vigo*, *A Nosa Terra...* e a participar en recitais poéticos. Asiste con asiduidade ao Festival da Poesía no Condado, participa en homenaxes, colabora en proxectos, accións que intensificará en anos posteriores e que afirman esa expresión cívica dunha obra que sempre explorou a dimensión social do texto. Na conferencia *Para que os poetas hoxe explicaba*:

A poesía é un pasquín porque encerra tamén verdadeiras bombas de contido; o poeta, ser que como tal se sabe ás marxes da mercadotecnia, da industria do momento, é un dos poucos miradoiros libres que ten a sociedade. Un miradoiro libre desde o que a sociedade deixa unha fenda para a subversión, para a creación desde ela dun microcosmos de revolución afectiva.

No ano 1986 publica *Denuncia do equilibrio* na colección Ventobranco de Edicións Xe-

rais. Poemas indagatorios de linguaxe fracturada que exploran un universo de suxeitos á procura. Voces dun eu que é múltiple e se desdobra, percorren en fuga, e ao tempo en tensa espera, unha paisaxe de espazos urbanos.

Algunhas lecturas subliñan da obra a vontade de romper formalmente o código poético (H. González), así como o tratamento do amor e a súa desmitificación (C. Blanco). O libro adianta trazos que distinguirán a súa dicción poética e que a afastan da “estética dominante e canonizada” na denominada poesía dos oitenta. E é que nas estremas respiran outras voces, escritas que se mergullan en territorios fronteirizos e disidentes.

A propia autora acusaría esa “desubicación” que segundo Fran Alonso a acompaña nunha e noutra década. É esa posición excéntrica a que, na opinión do poeta e editor, a singulariza e individualiza. A singularidade de Xela Arias respecto a outras poéticas coetáneas esténdese tamén ao xénero, como autora entre autores. Escasísimas as poetas no espazo público naquela altura. Porque se nos oitenta proliferaron voces e poemas, a maioría tiñan sinatura masculina, como lembraría a escritora:

Cantidade había sumando os dous sexos, pero abóndanme os dedos das mans para cita-los nomes das que entre todos eran mulleres novas publicando naquel momento, e hoxe sóbrannos os dunha man soa para contar as que sobreviviron daquilo.

Pasa á páx. seguinte

Lonxe das aulas universitarias comeza a publicar os seus primeiros poemas inmersa na vida urbana dunha cidade en transformación

O 17 de maio
hai que
celebralo

Porto do Son lembra a
Xela Arias.
Vive connosco o Día das
Letras Galegas!



Concello de
**Porto
do Son**

Celebrarémolo,
con pandemia
ou sen ela!



Visítanos na páxina web
para coñecer os actos do día

www.portodoson.gal

17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Vén da páx. anterior

Apenas uns meses despois de deixar os estudos, comeza a traballar en Edicións Xerais de Galicia. Con Xulián Maure, director e fundador, e Roberto Pérez Pardo, primeiro director comercial, forma parte do equipo que pon en marcha unha das empresas decisivas da edición no novo tempo político. Desenvolve primeiro funcións de oficinista e dous anos despois incorpórase ao Departamento Editorial, nos apartados de creación e investigación. Entre 1990 e 1996 é correctora de estilo e editora das coleccións Xerais Universitaria e Biblioteca de Autores Galegos. Preparando orixinais, corrixindo textos ou como responsábel de coleccións Xela Arias participa dos procesos de profesionalización da edición e contribúe á configuración do seu tecido.

Co mesmo sentido da responsabilidade e rigor respecto da lingua desenvolve a súa outra actividade laboral. Preto dunha vintena de títulos de autores e autoras como James Joyce, Gianni Rodari, Angela Carter, Bram Stoker, Jorge Amado, Fenimore Cooper, Camilo Castelo Branco, Carlos Oroza ou Baudelaire demostran o seu interese pola tradución. Participa na Asociación de Tradutores Galegos e forma parte do consello de redacción de *Viceversa* que promove tamén a biblioteca virtual *BIVIR*, na que se publicarán algúns dos seus últimos traballos. Ficou inconclusa a tradución na que traballaba, *Ancho mar de argazos* de Jean Rhys.

Recibe a Medalla Premio de Tradução Sociedade de Lingua Portuguesa por *Amor de*



A mediados dos 80 "vivía soa, traballaba nunha editorial e levaba un estilo de vida urbano". Foto: Xulio Gil

perdición de Camilo Castelo Branco (1986, Xerais) e o Premio de tradución Ramón Cabanillas (compartido con Darío Xohán Cabana) por *O derradeiro dos mohicanos* de James Fenimore Cooper (1993, Xerais). Postumamente, o premio Plácido Castro 2004 por *O Spleen de París* (pequenos poemas en prosa) de Charles Baudelaire (2003, *BIVIR*).

A continuidade e profesionalidade da súa dedicación poñen de manifesto a relevancia deste labor. Como explica M^a Xesús Nogueira: "Non foi unha tradutora nin ocasional nin anecdótica. Pola contra, e con todas as reservas necesarias que caiba facer, achegouse á fi-

gura da tradutora profesional. Nun momento en que a tradución literaria estaba deixando de ser entre nós un exercicio de estilo, quixo participar tamén do proceso de construción dun corpus de literatura universal traducida ao galego. Abondo esclarecedoras resultan as palabras de Ana Luna cando lembra que a fal-

"Non foi unha tradutora nin ocasional nin anecdótica. Pola contra achegouse á figura da tradutora profesional"

ta dunha planificación por parte das institucións (...) cubríana dúas grandes editoras como eran Galaxia e Xerais".

A mediados dos oitenta "vivía soa, traballaba nunha editorial e levaba un estilo de vida intrepidamente urbano", a evocación que lembramos é de Susana Trigo. Completamos retrato: facía letras de cancións, escribía libros que despois nunca quereira publicar, *Lili sen pistolas* presentado ao Premio Esquío en 1986, esboza proxectos poéticos que desbota, *Maldito lindo*, e concreta outros. É o caso do seu segundo libro, *Tigres coma cabalos*, co que abrirá a nova década.

Un "proxecto abrazado, querido e gratificante" en palabras da autora, que toma forma en textos e fotografías concibidas como un todo. Xela Arias e Xulio Gil explican a xénese nunha nota introdutoria que remata: "Nin pés de foto, nin ilustracións ao texto. Se tal, a historia". Son 48 fotos en branco e negro e 48 poemas. Co volume preséntase tamén unha exposición que percorre distintas localidades ao longo de 1990.

A fuga e a fuxida reaparecen como motivos dun libro que se asoma aos espazos opresivos e se detén nas claudicacións dun tempo de espectáculos e púlpitos. O verso mantén a tensión que xa trazaba a liña e a súa creba en Denuncia do equilibrio, a sintaxe fracturada, o desafío pronominal que a autora explicou deste xeito: "un eu pode ser un ti, un ti pode ser un el, un el pode ser unha crise, un sentimento calquera".

Pasa á páx. seguinte



TOURO A ESCENA
Maio **LETRAS GALEGAS**

Venres 21 ás 17:30 h.
A ÁRBORE DAS MÚSCAS

Venres 28 ás 17:30 h.
O SEGREDO DO TENDAL



Concello de Touro
www.concellodetouro.com



Inscripción no **981 814 566** • cultura@concellodetouro.gal






Xela Arias

Día das Letras Galegas 2021

17 de maio

caixaruralgalega.gal



17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Vén da páx. anterior

Os poemas revólvense contra a “orde establecida”, acompañan as figuras vencidas da noite, desafían as convencións estéticas e móvense nas fronteiras do amor. A furia toma pulo en forma de escualos.

Alén da “animalidade e a intuición”, entrenzadas no libro, a escritora subliñou o carácter social do proxecto: “un tipo de ideoloxía nalgúns casos social, de resposta á vida e á sociedade”. Apuntamentos que non conseguiron evitar unha lectura “visual” que se fixou máis nos corpos espídos. A recepción da obra desacóugaa profundamente. Na mesa sobre Muller e Literatura do Encontro de Escritores Galegos e Portugueses celebrado en 1991 preguntábase polas causas do “morbo” e conclúe: “sendo muller aínda é ben difícil vivir nas nubes”.

A concepción do poético como apertura e a exploración nas contornas do texto leva a Xela Arias á esculca das xunturas entre linguaxes artísticas. Ademais da participación en recitais poéticos, nos oitenta escribe letras para a banda Desertores, coa que prepara un espectáculo para o Festival da Poesía no Condado. Nos noventa o diálogo é coas fotografías de Xulio Gil ou coa música de Alberto Conde nun recital para o ciclo O son dos poetas. En 2003 ultimaba *Vencerse é cousa de se tratar* con Fernando Abreu.

Así pois, foi tamén unha activa “instigadora” de proxectos interartísticos que combinou cunha escollida e demorada dedicación á escritura poética e algunha puntual aproximación á narrativa como o relato *Que si que si*



Xela Arias co seu fillo, en 1994. Foto: Xulio Gil

co que participa no volume colectivo *Contos eróticos/Elas* promovido por Edicións Xerais ou a obra *Non te amola*; “impresións de infancia”, que logo non publica.

Despois de dez anos de traballo na editorial Xela Arias decide retomar os estudos. En 1991 comeza Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo e posteriormente Galego-Portugués. Ana Iglesias, amiga e compañeira de estudos, lembra as conversas arredor das escollas da poeta:

Ela dicía que se metera na nosa xeración, a xeración da inestabilidade laboral, que a min me

tocou por idade e a ela por rebeldía...Ese foi o prezo que pagou por empeñarse en non seguir as regras: por querer traballar antes de facer a carreira, por estudar mentres traballaba, por deixar o seu traballo estable por outro inestable cando o considerou esgotado (...) primando sempre a coherencia sobre a felicidade. De aí que non lograra convencerla para que se presentase ás oposicións de galego, nas que ela mesma formaba parte do temario, en lugar de enfrontarse ás de español.

Compatibiliza os estudos universitarios coas traducións e o labor como correctora de estilo e editora. Ao mesmo tempo completa formación asistindo a cursos e congresos, colabora con varios artigos en *Xornal Diario* e mantén a actividade literaria: recitais, encontros, presentacións..., publica poemas en libros colectivos e en revistas, *Festa da Palabra Silenciada*, *Boletín Galego de Literatura* ou *Zurgai*, presenta actos como a IV Edición dos Premios Irmandade do Libro en Vigo, participa na redacción da revista *Viceversa*... E cría o seu fillo que nace en 1994. Xela Arias casara en 1992 co matemático e fotógrafo Xulio Gil Rodríguez con quen tiña unha relación desde 1988. Sepáranse xudicialmente en 2002. Da experiencia da maternidade abrolla *Darío a diario*.

Ademais da participación en recitais poéticos, nos 80 escribe letras para a banda Desertores, coa que prepara un espectáculo

Darío a diario singularízase no corpus literario da escritora: mantén os trazos significativos mais o destinatario, o fillo, modula en parte o código, menos fracturado, máis sinxelo e poboado de referencias e imaxes da infancia. Ademais de se concibir como un agasalho a Darío, o libro ten vocación de diálogo colectivo arredor da maternidade e as súas mitificacións e desvela ao tempo á autora na súa propia experiencia afastada das idealizacións da sociedade patriarcal.

Publicado en 1996 percorre a vivencia cotiá da maternidade en 23 poemas que no amor polo fillo debullan ao mesmo tempo dúbidas e certezas da autora. A liberdade fronte ás imposicións e ás posesións enlaza esta crónica que se asoma a un futuro de autonomía persoal e solidaria que desexa para Darío, mais tamén ao ideario da que pouco xogou coas bonecas, como di nun dos versos: “ese xénero feminino algo a desmán para as narracións do ano en que nacín”.

Segundo M^a X. Nogueira: “a experiencia da maternidade reescrita desde unha perspectiva de xénero obriga a situar a Xela Arias na órbita de autoras (...) que levaron a cabo exercicios de revisión e reescritura alicerzados no xénero”.

A docencia será a ocupación laboral última de Xela Arias. Profesora de secundaria na materia de Lingua e Literatura castelá impartirá aulas en nove centros de ensino en apenas catro anos: desde o IES Terra de Xallas, Santa Comba, en 1999 ao IES Montecarrasco de Cangas en 2003, e entre os dous:

Pasa á páx. seguinte



O 17 de maio hai que celebralo

Forma parte do noso ser
máis íntimo: a memoria
de **Xela Arias**

FEUZ DÍA DAS
LETRAS GALEGAS!

CONCELLO DE
PADRÓN

17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Ven da páx. anterior

Paralaia de Moaña, Valle-Inclán, en Pontevedra, Xelmírez II de Santiago e Valadares II en Vigo, IES de Chapela, en Redondela, IES A Sangriña da Guarda e IES Alvaro Cunqueiro de Vigo.

A súa actividade é intensa: traduce (*Drácula* de Bran Stoker, *Venus Negra* de Angela Carter), publica poemas en antoloxías (*Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega...*) e en libros colectivos (*Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de once escritoras galegas...*), participa en ciclos e homenaxes (a Lois Pereiro, Francisco Fernández del Riego, M^a Xosé Queizán...), intervén en congresos e xornadas, presenta libros, recita e colabora en accións colectivas.

Os últimos anos de vida da poeta están marcados pola súa implicación nun activismo cívico: participa nas accións de protesta pola montaxe en castelán de catro obras de Valle-Inclán por parte do Centro Dramático Galego, intervén nas Noites Solidarias da ONG Implicadas no Desenvolvemento e na Festa da Muller organizada por Cúmulum Donas de Nós, le a declaración *Pola paz mundial* da manifestación contra a guerra de Iraq e implicase nas accións que se desenvolven na mobilización cidadá Nunca Máis contra a xestión da catástrofe do Prestige. Ela mesma coordina con Xosé M^a Álvarez Cáccamo, no marco dos concertos expansivos promovidos por Burla Negra, o recital poético celebrado no Café De Catro a Catro en Vigo. Accións e intervencións que se proxectan en poemas recollidos no vo-



A docencia será a ocupación laboral última de Xela Arias. Foto: Arquivo familiar

lume Xela Arias. *Poesía Reunida* (1982-2004)

A responsabilidade do idioma, o desafío do país, as arestas da experiencia das mulleres, a desigualdade, os mecanismos de opresión, a "orde establecida" coas complicidades que xera e as regras que instaura; o mercado e os escaparates, as categorías, as etiquetas e as estratexias de mistificación... respecto destas e doutras moitas cuestións tomou postura Xela Arias.

No poema *A de quen comprende...* dedicado a Rosalía de Castro que publica no proxecto *Daquelas que cantan. Rosalía na palabra* de once escritoras galegas, alerta do risco de de-

turpación da voz da escritora:

Nada novo, inmaculada Rosalía.

Tal sempre mulleres confinadas na construción doutros, comprendes: revólveseche a arma contra ti

Os últimos anos de vida da poeta están marcados pola súa implicación nun activismo cívico: participa en accións de protesta

Este segue a ser o desafío.

A desobediencia abre o derradeiro libro de Xela Arias.

En xuño de 2003 sae do prelo *Intempériorie*, un rotundo e lúcido libro negro que condensa as liñas máis persoais da súa escrita. Ábrese con dúas citas: "Desobediencia, pola túa culpa vou ser", que procede dunha pintada, e "Donde todo termina abre las alas" da escritora Blanca Varela. Desprégase nunha estrutura en tres partes: un único e longo poema inicial, na primeira, e poemas mais breves, crebados nos límites, nas dúas seguintes. A obra expónse á intemperie, na núa e radical soidade dunha voz que interroga, cuestiona, difire, afástase e revólvese. Explicáboas nunha conversa radiofónica:

A vida real é aquela na que un se atopa á intemperie, se fai consciente de que quere estar na intemperie precisamente para tomar as súas decisións (...) Pero tamén por outra parte un, creo eu, polo menos unha, polo menos eu, intempériorie moitas veces, revóltome, procuro darlle volta ás cousas nese posible camiño que é tamén obriga de nós como persoas, de cuestionarnos, de preguntarnos as cousas que estamos facendo.

Reclama a liberdade, cuestiona a alienación, a asimilación, insta a aventurarse, ironiza coas conquistas do escaparate, recláma-se intempetiva, anima ao incendio, distánciase dos rigores produtivos e exclama "o tempo.../¡que se perda!/maino, diante nosa". *Intempériorie* afonda na tensión da linguaxe, nos límites do código, nunha "sintaxe velada"

Pasa á páxina seguinte

**O 17 de maio
hai que celebralo**

Forma parte do noso ser máis íntimo: a memoria de **Xela Arias**

Feliz Día das Letras Galegas!

CONCELLO DE
MUXÍA

www.concellomuxia.com

**17 DE MAIO
DÍA DAS
LETRAS GALEGAS**

Xela Arias

Concello de
Camariñas

www.camarinas.net

Concello de
Cabana de Bergantiños

www.concello-cabana.es

Xela Arias

Co Día das Letras Galegas

Concello de
Corcubión

www.corcubion.gal



Co Día das Letras Galegas
Xela Arias

17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Vén da páx. anterior

coa que segue a interrogarse, a interrogarnos: "vide que vos convido/ a vos ver".

Xela Arias escolle unha posición extrema para a escritura e constrúe unha poética que desafia os moldes convencionais. Está xa en *Denuncia do equilibrio* e fórmulase cada vez máis nítida e depurada ata *Intempé-riome* onde irradia todo o libro. Esa posición é a da negritude, a da negra, a do afora. A coherencia da súa perseverante esculca do territorio poético, con independencia e autogoberno, amósase agora plena na súa radical disidencia.

Xela Arias faleceu o 1 de novembro de 2003. Preparaba co músico Fernando Abreu o proxecto poético musical *Vencerse é cousa de se tratar* arredor do seu último libro. O inesperado remate do ciclo vital da escritora conmociona o mundo da cultura. Organízanse homenaxes e actos na súa lembranza e un ano despois Edicións Xerais de Galicia e a Asociación de Escritores en Lingua Galega editan o volume colectivo *Xela Arias, quedas en nós*, coordinado polo pai da poeta, Valentín Arias.

En outubro de 2018 publícase *Xela Arias. Poesía Reunida (1982-2004)* con edición, introdución e notas de María Xesús Nogueira Pereira. A obra recolle a poesía editada da escritora, os catro libros, e reúne a obra dispersa publicada en xornais e revistas. Unha completa aproximación ao corpus poético da autora do que nos acompañamos neste andar polos seus pasos e polos seus textos.

Para rematar, e a xeito de apertura, como



Xela Arias faleceu en 2003. Foto: Lois A.C.

rosa dos ventos para posíbeis e necesarias rutas, exploramos horizontes desde o poema coas palabras da poeta:

Xela Arias incide na vocación transgresora e transformadora da palabra poética: *A poesía debe indagar e cuestionar a orde das cousas, senón para qué (...). A nosa función é cuestionar o que hai precisamente para dar pé a construírnos mellor.*

Non se preocupa en exceso pola recepción da súa obra, anda un camiño moi persoal: *Non me obsesiona chegar (...) ao público. Só quero facer a poesía que me gusta, sen imposicións.*

O poema é vía de coñecemento, un poema exposto "ao máis profundo de nós": *A poesía*

é material sensible pero non só: é tamén material altamente intelectualizado que nos pon en común co máis profundo de nós(...) e hai que xogar con forza de mineiro taladrador para acadalo e conformalo.

E acaso sexa nese "taladrar" onde a súa dicción se amose máis diáfana na transgresión da norma e da lei. A sintaxe fracturada, a dislocación pronominal, os xogos fónicos, acentúan a súa potencia expresiva: *É unha obriga da poesía non só o que se diga, tamén como se diga. Temos que tratar de buscar como dicir desartellando as palabras para construílas doutro xeito, tamén para darlle máis posibilidades á expresión.*

Todo o seu desafío verbal lévanos a un territorio de creación léxica e sintáctica que nos coloca nunha posición tamén a nós, na lectura, extrema. Hai que deixarse tocar polo poema con esa mesma audacia. A poeta revélase da liñaxe das que cruzan a lingua, o idioma, para ousar outras arquitecturas verbais. Talvez porque a "orde establecida" se inscribe na linguaxe e na linguaxe se derruba. A lectura necesita unha disposición esforzada, convivir cos poemas e deixarse rozar por eles: *Lector de poesía é quen se someteu a autoaprendizaxe da convivencia cos textos, e superou a proba (...) só hai que rozarse cos poemas, manter moito roce cos textos e irles así depurando as ideas e malla cadencia. E hai que facelo desprexuízados, limpos, como quen se planta nun monte a respirar o osíxeno sen mais aparato crítico cós pulmóns mesmo e a necesidade de aire fresco (...). Educar en poesía é un esforzo. Somos poucos*

lectores de poesía porque somos pouco dados para o esforzo.

Nese rozamento de osíxeno nos pulmóns reencontrámonos cunha obra demorada e reflexiva, afastada dos centros gravitacionais que marcan tendencia e, ao mesmo tempo, radicalmente inscrita na súa época: *Non vou de feira, só escribo.*

Os poemas desta voz "inconforme" sitúannos no centro da sombra, esa estrañeza que non se dá nomeado: *Para min a poesía non é literatura, é outra cousa.*

Xela Arias constrúe un universo moi persoal, unha poética da insubmisión, do coñecemento, da desobediencia. Sen colectivos que a aperten, sen abrigos que a sometan. Consciente do lugar, do idioma, do xénero, da nación, acaso talvez tamén da derrota.

Onde cantan os poetas
a nos lembra-lo que non foi
ou puido ser,
vese a dor da inmóvil, imposible, invariable
medida do silencio que resta.

Silencio que resta, ou no que nos restan.

O ritmo do silencio historiou sempre
a aparencia de acougo
Estupefaciente.

Texto de Ana Román
Membro de número da RAG
Cedido pola Real Academia Galega
que está publicado orixinalmente
na súa páxina web (academia.gal)



Xela Arias

Unímonos á conmemoración do Día das Letras Galegas

www.concellobaralla.es

O Concello de Pantón
lembra a Xela Arias
no Día das
Letras Galegas!



Xela Arias



Concello de Sober
Municipio de Interese Turístico



SOBER e *Qualidade*
Rede de Miradoiros de Sober

Ribeira Sober

17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O Día das Letras Galegas foi, desde os seus albores, unha celebración da modernidade á que culturas e sociedades se aferran para non perderen o tren veloz da historia.

Conmemorar a Ricardo Carvalho Calero o pasado 2020 supuxo, entre outras moitas cousas, celebrar a modernidade dun poeta que, sendo aínda un adolescente, publicaba libros na Editorial Nós de Ánxel Casal, en cuxos talleres composteláns, na década de 1930, confluía unha mocidade dinámica e aberta ás linguaxes artísticas e literarias máis audaces e renovadoras da Europa do momento.

Este 2021, o Día das Letras Galegas –no que recuperamos as celebracións tradicionais das que nos privou a COVID-19 hai un ano– está dedicado a Xela Arias, quen, como figura literaria pública, se deu a coñecer, sendo aínda moi nova, a comezos da década de 1980, un momento no que a sociedade galega tiña a firme vontade de renacer á modernidade, coincidindo coa volta da democracia a España.

Naqueles anos Galicia aprobaba un agardado Estatuto de Autonomía que permitiu unha notable evolución ao longo de catro decenios. Sirva como exemplo o número de títulos anuais editados en galego: dos 201 de 1981 pasamos aos 1.144 da actualidade.

Hoxe, con acerto, Xela Arias está considerada a personalidade poética máis singular da Galicia das dúas últimas décadas do século XX e atribúeselle o excepcional

Subidos a bordo do tren da historia

mérito de ter escrito unha parte substancial da crónica poética dunha xeración de mozas e mozos que espertaron á conciencia social e á cultural galega coa forza e a valentía que esixían aqueles tempos de mudanzas ao galope.

Nada en terras de Sarria, de onde eran oriúndos os seus proxenitores, pero radicada no fabril Vigo desde os sete anos, Xela Arias acometerá a súa empresa poética en galego, unha lingua que renace, entre unha parte da mocidade da época, como código contestatario e transgresor que resulta útil nas contornas metropolitanas, por primeira vez desde había moito tempo atrás, para a expresión da proclama e do ensaio político, da novela de ambientación urbana, do teatro vangardista e, por suposto, da poesía. Porén, o carácter rupturista de Xela Arias non só se produciu na elección idiomática, senón que a transcende e alcanza o ámbito da lingua

como materia de experimentación poética.

O Día das Letras Galegas é, polo tanto, unha celebración na que se festexa a condición de lingua viva e con futuro do galego. Un exemplo atopámolo no Proxecto Nós, recentemente presentado, unha iniciativa da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago que introduce a milenaria lingua galega no universo tan actual da intelixencia artificial, co propósito de que os galegos e as galegas poidamos empregar a lingua de noso en todo tipo de dispositivos electrónicos servíndonos de asistentes de voz, tradutores de alta calidade, sistemas de recoñecemento da fala, etc.

Avanzar na universalización da nosa lingua e, polo tanto, do que somos, é tamén a vocación deste proxecto, que fai seu o nome da Xeración Nós, ese excepcional grupo que soubo albiscar un camiño para o futuro da nosa lingua. Queremos permanecer a bordo do tren da historia.



Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade



Xela Arias está considerada a personalidade poética máis singular da Galicia das dúas últimas décadas do século XX. Foto: Xulio Gil

LETRAS GALEGAS



PROGRAMA DE ACTOS

18 Maio
CONTACONTOS
Xandobela
CEIP de Sigüeiro

Quen dis que era... Xela Arias?

Xandobela
CEIP Plurilingü
de Sigüeiro
Horario lectivo

19 Maio
CONTACONTOS
Xandobela
CEIP Camiño Inglés

Quen dis que era... Xela Arias?

Xandobela
CEIP Plurilingü
de Camiño Inglés
Horario lectivo

27 Maio
PRESENTACIÓN
Intempestiva.
Unha biografía
(literaria) de Xela Arias

Presentación do libro
Intempestiva. Unha biografía (literaria)
de Xela Arias

Intervirán: Montse Pena, Carlos G. Figueira e
Isabel Fernández
Lugar: Local Social de Maiores - R. do Campo, 9
Hora: 19:00h

LETRAS
GALEGAS

Campaña de visibilización da poesía de **XELA ARIAS** a través da difusión da súa **BIOGRAFÍA** e dos seus **POEMAS** en todos os **LOCAIS COMERCIAIS** do **CONCELLO DE OROSO**.



CONCELLARÍA DE MULLERES,
BENESTAR SOCIAL E ENSINO
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ROSALÍA, RAÍCES *e vermú*

Que teñen en común Rosalía de Castro, as nosas raíces e o vermú?

O Día das Letras Galegas é un exercicio de identidade co que se fai unha defensa da nosa lingua.

Cantares galegos, de Rosalía de Castro, publicouse tal día coma hoxe. Mais a cultura non son só as letras, senón tamén as formas de ser e as maneiras de saber facer.

Paseando polos arredores do pazo de Arretén, en Padrón, topámonos cun deses enclaves nos que se **dan cita a cultura literaria e outro tipo de cultura máis sutil**. Ademais de ser unha das bodegas nas que mellor se traballa a uva albariño, a Casa Grande da familia materna de Rosalía tamén é o berce de **St Petroni**.

Unha cuestión de raíces

Este vermú nace a partir de dúas actividades con traxectorias moi distintas: a viticultura e a destilación. Hoxe en día, a primeira conta con moita sona, mais a segunda segue loitando por volver ser o que foi.

A produción de destilados foi unha das labores que máis sufriu na historia recente. Sacrificouse o enxebre en favor da relación entre a calidade e o prezo.

Actualmente, esta cultura da destilación está en franco proceso de recuperación grazas a iniciativas que apostan por furgar nas nosas raíces, demostrando que se pode mirar cara atrás e camiñar cara adiante. Neste caso, **cando falamos de botarlle raíces á cousa, non só nos referimos a meter máis ou menos herbas na pota**.

O que (non) se perde

Segundo Cristina, Marcos e Rosi, as cabezas (e as mans) que están detrás deste proxecto, a idea comezou a fraguarse nunha tarde de choiva, ao abrigo dun hórreo, cunha botella de albariño e outra de augardente. Descubriron **por que querían facer algo así antes de saber que era o que querían facer exactamente**.

Aquí entramos no terreo da filosofía existencial (algo para nada alleo aos galegos nin aos amantes do destilado). **Temos de fondo unha sensación de perda**, de despoboamento no rural, de abandono de oficios e tradicións familiares.

Porén, non só de memoria e morriña vive o galego. Tamén se trata de crear un **proxecto sólido con criterios de calidade esixentes**. De aí que fermenten o seu albariño nas súas propias lías e maceren botánicos autóctonos segundo o agrotipo.

A historia da xente de St Petroni é a duns mozos galegos que tiveron que saír para entender o que deixaban na casa e volver enraizar con todo isto. Seguro que Rosalía estaría contenta.

A eles si que se lles notan o acento e as raíces.



17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Poderíamos decir que Héitor Picallo é un escritor e ilustrador galego pero quedaríamos curtos, xa que a súas inxerencias lévanos a realizar múltiples iniciativas, sempre a favor da cultura galega. Hoxe destacámolo neste suplemento, moi xustificadamente, xa que dende hai unha década colabora neste xornal realizando a caricatura do personaxe que homenaxeamos o Día das Letras Galegas.

Cando lle preguntamos como comezou a facer caricaturas, sorprendentemente, conta que non o lembra moi ben e que “quizais sempre as fixen, mais cando estudaba o Bacharelato adoitaba comezar os meus bocexos nunha cafetaría, aproveitando os panos de papel que se dispensaban aos clientes para eu debuxar alí facianas raras, de peteiros retorcidos e ollos ben grandes. Así comezou unha serie de centos de debuxos que din en chamar do mesmo xeito que aparece nesas lenzos de papel: *Grazas pola súa visita*”.

Se nun principio debuxaba a descoñecidos, e seguro que a máis dunha persoa próxima, houbo un momento no que reparou nos autores do Día das Letras e tendo en conta o afán divulgador que posúe dende cativo, explica que “o que coñezo pretendo transmitirlo ás demais persoas. Por mor diso, e sabendo que na defensa do idioma debemos colaborar todas e todos, considerei que era axeitado ter unha lembranza coas persoas homenaxeadas co Día das Letras. Intentaba, e intento, contemporanizar as súas siluetas –buscando que sexan amábeis– e afastándoas desas imaxes en branco e negro

Héitor Picallo, escritor e ilustrador

Unha década poñendo cor aos autores que centran o 17 de Maio



ás que nos remiten os buscadores da internet cando gustamos de obter información sobre delas. Logo, como adoita acontecer, sempre aparece alguén que lle gusta o que fas e pídecha para encontrarlle un lugar”.

Neste caso revela que “ese alguén foi Caetano Díaz –por aquela altura director do diario *Galicia Hoxe*, no que eu escribía todos os domingos– e o seu logro foi incorporar na portada do 17 de Maio de 2005 a caricatura que elaborara

“Velaí o feminismo de Rosalía, a fantasía de Cunqueiro, a xenialidade de Xela Arias, o poliédrico Castelao, o dandismo de Lois Pereiro...”

de Lorenzo Varela. Dende o *Galicia Hoxe* e despois xa en EL CORREO GALLEGO foron chegando un bo número de portadas con esas caricaturas que, de forma ininterrompida, saíron os 17 de maio dos anos 2011 até este 2021”.

Calificar o seu traballo de caricaturista non ten dificultade, é preciso, singular, informativo e, pola súa color e composición, moi alegre, o que nos leva a preguntarnos en que se inspira á hora de crealas.

A iso responde que “a inspiración pode vir de diversos eidos: dunha biografía fantástica da que extraes varios fitos importantes; dun poema ou texto da autora ou autor; do *locus amoenus* ou lugar de nacemento desa persoa; das súas reivindicacións e loitas ou, incluso, de aspectos e valores que delas e deles quero trasladar. Velaí o feminismo de Rosalía, a fantasía de Cunqueiro, a xenialidade de Xela Arias, o poliédrico Castelao, o dandismo de Lois Pereiro... Por veces tamén recreo obras de artistas galegos para incorporalas ás miñas imaxes: A fiestra do Atlántico de Francisco Pazos (para figurar a *Fiestra Valdeira* de Dieste), o Pórtico da Gloria do Mestre Mateo (para amosar os monstros e medos que se agochan detrás dunha *Lus do Candil* de Anxel Fole)...”.

A súa actividade co tema do Día das Letras, non queda só na edición do 17 de maio, vai máis alá, según nos relata, “o ano pasado, en plena pandemia, lancei unha recompilación de caricaturas (das 60 persoas homenaxeadas), nun libro que está a piques de esgotar a súa primeira edición. A verdade é que *As letras galegas en caricatura* tróuxome xa, de principio, moitas ale-



**CONCELLO DE
CURTIS**

- 17 DE MAIO -

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

541 alumnos/as do CEIP de Curtis, CEIP de Teixeira e IES de Curtis recibirán libros en galego así como as correspondentes bibliotecas destes centros educativos


**XELA
ARIAS**

**Concello de
CASTROVERDE**
**XELA
ARIAS**
**DÍA DAS
LETRAS
GALEGAS**
 17 DE MAIO


**Concello de
Cartelle**
 www.cartelle.es

 17 DE MAIO
 DÍA DAS LETRAS GALEGAS


**Concello de
Vimianzo**
 www.vimianzo.gal

17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

grías. Así e todo, estaría ben, un día, expoñelas todas xuntas. A primeira serie que fixen delas –que conste– fora montada nas instalacións do museo Manuel Torres, mercé da xenerosidade de Quereiros Galego Marín, e no Museo Pedagóxico de Galicia. Outra cousa, sería expoñer estas novas, pois todas teñen o mesmo formato, técnicas vinculadas coa reciclaxe, o reemprego de materiais de refugallo... sen renunciar á miña verdadeira paixón, a acuarela”.

Heitor, como artista que é, nunca para de crear e pensar en novos proxectos. Dos que ten en mente comenta que “quizais remate unha serie de pinturas en augatinta –estilo debuxo arqueolóxico– en gran formato e sobre láminas de algodón, composta por varias pezas do Mestre Mateo e do seu obradoiro. Que conste que catro delas xa foron publicadas en *Románico: revista de arte de amigos del Románico* e outra expuxérase no Museo do Mar canda a chegada do Pergamiño Vindel. Así e todo, na gabeta finca un par de libros por ilustrar”.

Heitor Picallo crea porque é o seu, produce porque lle enche, pero cal será o seu soño sobre as súas obras? Non dubida, afirma que “realmente o que me gustaría é que servisen, cando menos, como vehículo concienciador da necesidade irrenunciábel (coherente, sensata, leal e honesta) de defender tanto a nosa propia cultura como as artes plásticas, as humanidades, o coñecemento (tamén científico) en galego e a divulgación e protección do agasallo máis grande que conservamos: a identidade e a lingua galega. O resto resulta menos importante...”.

Marina Salgueiro



2012.
Valentín Paz Andrade.



2013.
Roberto Vidal Bolaño.



2014.
Xosé María Díaz Castro.



2015.
Xosé Filgueira Valverde.



2016.
Manuel María.



2017.
Carlos Casares.



2018.
María Victoria Moreno.



2019.
Antón Fraguas.



2020.
Ricardo Carvalho Calero.

O 17 de maio
hai que
celebralo

Forma parte do noso ser
máis íntimo: a memoria
de Xela Arias

Feliz Día das
Letras Galegas!



CONCELLO DE
DODRO



17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Non é un día, é todo o ano. Aínda máis, en realidade o Día das Letras Galegas é unha fiestra que se abre cara ao futuro. Descuberta e, ao mesmo tempo, reflexión. A figura escollida serve de referencia non só dunha obra individual, a creación literaria ou estética, senón que vén ser asemade crónica ou evocación dun tempo.

Carvalho Calero, a quen a RAG dedicou o ano pasado a xornada grande do 17 de maio, encarnaba o galeguismo do pasado século, dende o Seminario de Estudos Galegos (1923), coa memoria das Irmandades da Fala (1916) e o tempo ilusionado da Segunda República, ata a resistencia do exilio interior nos anos 50-60 e as reflexións posteriores arredor das estratexias do idioma. En certos aspectos a súa figura asemellábase historicamente á de Antonio Fraguas, homenaxeado en 2019.

Xela Arias (1962-2003) instálanos na Galicia dos anos 80 e 90 do século XX: a Galicia urbana, que conserva a memoria da aldea, pero que vive as profundas transformacións demográficas, económicas, sociais e culturais que caracterizan as derradeiras décadas dese século. A nena de Sarria pasa a ser, con apenas nove anos, a nena dos barrios de Vigo, a nena do Calvario, e xa unha adolescente, a moza que quere vivir e construír a súa propia experiencia, o dereito a exercer a súa autodeterminación persoal.

A academia elixiu unha muller nova para unha Galicia nova: un-

Xela Arias



Víctor Fernández Freixanes

Presidente da Real Academia Galega

ha lingua consciente das súas raíces, mais debuzada no século XXI, nas novas formas de creación e expresión, novas linguaxes, novas experiencias, representativa dun momento extraordinariamente creativo na cultura de finais dese século: a música, as artes plásticas, a pro-

ducción audiovisual, a industria editorial...

Xela contribuíu moi activamente ao afortalamiento desa etapa, participando comprometidamente en moitas iniciativas, mesmo de mobilización social. Alguén a definiu como un “verso libre”. Podemos acep-

tar a definición se a consideramos alén de grupellos, etiquetas, parroquias ou circuitos de influencia. Mais poucas creadoras tan conscientes do seu traballo e da súa responsabilidade, como escritora (poeta) e no traballo editorial, tanto na produción de títulos como no seu papel de tradutora.

Xela participou de xeito moi activo nun período especialmente ilusionante da nosa cultura máis próxima: o desenvolvemento da industria editorial a partir dos anos 80, xa no marco de actuacións democrá-

A academia elixiu unha muller nova para unha Galicia nova: unha lingua consciente das súas raíces, mais debuzada no século XXI, nas novas formas de creación e expresión, novas linguaxes, novas experiencias

ticas que permitía a Constitución de 1978 e o Estatuto de Autonomía (1981), o crecemento de editoriais e propostas para as xeracións novas, a reflexión sobre a interdisciplinidade dos creadores (a música, a fotografía, as artes plásticas, o cinema, o teatro, a literatura), sen esquecer posicionamentos críticos e solidarios, propios da súa xeración. A súa figura, ademais da súa obra, permítenos visi-

tar un tempo que non por próximo é menos relevante e significativo.

A palabra poética de Xela Arias é a palabra da muller do tempo novo que arelamos e que, en gran medida, xa está aquí, aínda que ás veces non saibamos velo, ou non o valoremos como merece. Un dos fitos máis significativos das últimas décadas é a incorporación activa da muller á vida social, intelectual, científica, empresarial, profesional, universitaria, tecnolóxica, que xa non ten marcha atrás.

De todas estas cousas podemos e debemos falar cando reivindicamos a palabra de Xela, a nena de Sarria, a mociña do Calvario vigués, a poeta, a ensaísta, a tradutora, a profesora despois, a nai que soña un mundo libre e mellor para o seu fillo (Darío), a filla de Amparo e Valentín, por que non?, que souberon semear nela o futuro e, chegado o momento, souberon deixala voar.



A palabra poética de Xela Arias é a palabra da muller do tempo novo que arelamos. Foto: Xulio Gil



O 17 de maio é unha data histórica

Galicia esa terra que tanto nos dá. Personaxes como **Xela Arias** fan que un día como este, e a pesar das dificultades, sintamos un orgullo enorme por ser galegos



Concello de Chantada

www.concellodechantada.org

Feliz Día das Letras Galegas!

Feliz día das Letras Galegas

Xela Arias



CONCELLO DE O PINO

Letras Galegas 2021 e Fundación Araguaney



A Fundación Araguaney-Puente de Culturas homenaxe a Xela Arias con versos

Un poema da escritora forma parte dun libro de autores que lle fixeron unha “ofrenda” a Palestina, editado pola entidade en 1989

A Fundación Araguaney-Puente de Culturas publicou en 1989 *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos a Palestina*, onde aparecen poemas de Xela Arias, figura homenaxeada este ano nas Letras Galegas 2021, e de Ghaleb Jaber Ibrahim, presidente-fundador da propia entidade editora. O libro, que se reeditou no ano 2003, abrangue unha mancha de poetas de Galicia que falan de Palestina, de Falastín, “unha terra que é de todos e que algúns queren facer dela un espazo de interese loxístico ou un campo de concentración ao estilo nazi”, tal como recolle a lapela do libro.

Ghaleb, que daquela compartiu mesa e conversa con Xela, quere renderlle tributo persoal á escritora luguesa rememorando os versos escritos por eles, incluídos nese histórico poemario de múltiples voces.



Sen río e da auga mortificada pola seca
pés negros de sendeiros barnizados de po e vento e
milleiros de pedazos de pallas dun centeo que non comes
onde os máis vellos e os máis vellos cós máis vellos
nomadearon facendo súa cada terra que era terra que non tiñan
por ti que agora careces da mesma terra que medra
é increíble mesmo se matén a casa que habitas derrubada
de sombras inexistentes no sol de poeira que percibes
recibe-las pedras como herdo magnífico
embotélla-lo animal que os fusís xa levan dentro
miranos occidentais apodrecidos nos nosos solos
de préstamo bancario enfía as túas pedras e
avergónzanos mentres habilitas da túa infancia
unha adolescencia rodeada de mortos máis vivos
eás nosas historias de ondulantes corredores demócratas

avergónzame de ter un tempo no que escribo
avergónzame cos teus dedos da terra que só teñen os teus ollos

Xela Arias –1989

A MEU IRMÁN PALESTINO

Un día... traizoáronte,
destruíron a túa casa,
a igrexa,
a mesquita,
a túa vella escola.

Crucificante cada día,
cada noite... e,
coma a morte,
chegan ás escuras, de madrugada.
Coas súas armas,
máquinas de morte,
e coas súas almas de covardes
mátante cando dormes.

Crucificante en Belén,
en Xerusalén, en Ramallah,
en Gaza, en Nablus. En Balata.
En Jabalia.
En Tulkarem, en Kalkilia. E en Jinin.
Intentan aterrorizarte
coas súas armas da morte,
e coas súas almas de covardes
mátante cando dormes.

Non te coñecen, irmán,
nunca te quixeron coñecer.
Palestino, naciches aquí, en Palestina,
onde naceron teu pai e túa nai.
O avó.

Onde está enterrado noso irmán
asasinado. O primeiro día
da primeira Intifada.
Alí, baixo a oliveira milenaria,
no teu pobo milenario
coma ti, palestino, milenario
palestino.

Mátante polas costas,
atado de mans,
sen mirarche para a cara.
Téñenche medo.
Téñenche medo.
Mátante pero non morres.
E, coma Xesús, resucitaches
en cada casa,
en cada alma libre,
en cada conciencia. Ti vives
só na súa mente.
Cren que te matan.

Nas súas caras só odio,
covarde medo.
Cos seus feitos
destrución e morte.
Nas súas almas
hai tristura.
Non teñen alma,
só asasinados... só covardes.

Pretenden co teu medo
que marches.
Buscan a túa morte.
Pretenden que deixes de ser
palestino,
pretenden que deixe-la túa casa,
a túa escola,
a teu pai e a túa nai,
a tumba de teu irmán
baixo a oliveira milenaria,
no teu pobo milenario
coma ti, palestino, milenario
palestino.

Pobres soldados de Sión,
xenerais asasinados
coas súas armas de matar
e coas súas almas de covardes.

Políticos conspiradores,
falsos, chantaxistas,
manipuladores,
ricos poderosos,
espías agachados nas cloacas dos
palacios,
xenerais asasinados,
soldados da morte
nas noites escuras de Palestina.
Covardes.

Non te coñecen,
nunca te quixeron coñecer.
Só querían a túa terra
para os seus colonos
mercenarios.
Non te coñecen... Palestino.
Es coma a montaña rochosa.
Eles...
Tormentas, vendavais, furacáns,
que crecen e aumentan
facendo dano,
pero caerán derrotados
coma covardes.

Xenerais asasinados,
conspiradores traficantes,
mercadores dos pobos,
usurpadores de liberdades,
ladrons de almas e de tumbas.
Xenerais, xenerais, xenerais...
Nunca vencersedes este pobo
de gladiadores.

Ghaleb Jaber Ibrahim
(marzo-2002)



17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Aquí vén outro 17 de maio de flores cuberto. O deste 2021 olla para a modernidade que nos chega desde o pasado. Empapámonos do espírito do que Xela Arias foi e representou para celebrarmos o día grande das nosas letras cunha ollada anovadora que condensa contemporaneidade, transgresión e compromiso, que se ergue non só desde o lado da reivindicación senón tamén desde a esperanza de quen ten os ollos postos nas vizosas novas xeracións.

As homenaxes e celebracións amosan unha Xela Arias urbana, filla do fervedoiro cultural que marcou o Vigo dos anos '80. Aberto ao mundo desde ese mosaico de vila, barrios e periferia que abandeirou os aires renovadores. Ben certo é que Xela, coa súa obra poética, sempre arriscada e extrema, representa ese vangardismo estético e creativo. Pero no seu legado hai máis, moito máis.

A súa faceta de tradutora tivo un valor estratéxico e simbólico nun contexto en que a lingua e a cultura galegas comezaban a avanzar cara á normalidade social reclamada. Foi unha das primeiras profesionais da edición e da tradución nunha incipiente industria editorial que, ademais de pór os alicerces, buscaba co-

Ao xeito de Xela



As homenaxes amosan unha Xela Arias urbana dos '80. Foto: Xulio Gil



Rosario Álvarez

Presidenta do Consello da Cultura Galega

nectar as nosas letras coa mellor literatura. Con excelencia e con profesionalidade. Hai máis fíos brillantes cos que perfilar a súa figura, pois tamén nos amosou as virtudes de fusionar a palabra con outras artes, en diálogo constante e frutífero.

O futuro asenta sempre no pasado. O que nos deixou Xela prendeu no espírito emancipador que levou no clima cultural non oficializado dos '80 para atopar unha figura nova, que gustaba de rodearse de máis novos aínda, facendo o camiño. O seu anxeo inspirounos no seu ano para apostar polos creadores e creadoras novos, novísimos. Bea Gregores, Laura LaMontagne, PicoAmperio, Lois Alcaide, Alba Cid, Alicia Fernández, Ismael Ramos, Oriana Méndez, Gonzalo Herme e tantos outros dos que naceron na década transgresora ou cando só quedaba daquilo un morno remol. Neles pousamos grandes e pequenas encargas no programa da homenaxe a Xela deseñada polo Consello da Cultura Galega. Porque ela nos ensinou que sen pasado e sen presente non se pode construír futuro.

Que Xela medrase na aldea, en Sarria, non é só unha feliz nota biográfica. É o motor da súa singularidade. Ali chantou as súas raíces nunha mesta rede familiar e no ambiente da Escola Primaria de Orientación Agrícola da Granxa de Barreiros, onde seu pai ensinaba.

Foi o humus no que xermolou unha personalidade que axiña reforzou no seu paso polo Colexio de Fingoi e que estoupou na súa chegada á metrópole. A cidade recibiu unha nena de oito anos esperta, inqueda, rexa, fondamente coñecedora da esencia da cultura galega, notas que sempre arrequeñou.

Edificou nos alicerces da esencia máis xenuína da cultura galega cos novos aires renovadores que traían as ondas do mar de Vigo e cos ecos da combativa cidade proletaria. Es-

taban todos os ingredientes para unha fusión rompedora, non sempre doada de conter. Xela, si, representou o equilibrio dos extremos, ese que ela dicía ambicionar.

O que nos deixou Xela prendeu no espírito emancipador que levou no clima cultural non oficializado dos '80 para atopar unha figura nova, que gustaba de rodearse de máis novos aínda, facendo o camiño



Concello de Rois

Feliz Día das Letras Galegas!



O 17 de maio é unha data para lembrar

Dende o Concello de Rois unímonos ás celebracións en homenaxe a Xela Arias

Día das



Letras Galegas

Xela Arias



Concello de VILARDEVÓS

O 17 de maio é un día de celebración

Forma parte do noso ser máis íntimo: a memoria de Xela Arias



CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

www.monfortedelemos.es

Feliz Día das Letras Galegas!

17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Unha rúa co seu nome e senllas placas no portal dun dos inmobles que habitou e no IES Castelao onde estudou servirán a Vigo para honrar a Xela Arias e devolverlle así unha pequena parte da homenaxe imperecedoira que a poeta rendeu nos seus versos a esa cidade.

Porque se todas as honras da urbe na que Xela Arias viviu a súa adolescencia e madurez ata o seu falecemento en 2003 serven e servirán para reconstruír parte da súa traxectoria vital, a verdadeira pegada que Vigo deixou na protagonista do Día das Letras Galegas, e que Xela Arias deixou en Vigo, hai que buscala na súa obra.

Non en balde, Xela Arias “sempre explorou a dimensión social do texto”, como dela dixo a escritora e académica Ana Román, e iso é moito dicir para unha poeta que comezou a publicar na década de 1980, cando Vigo fose un gran escenario para o cinema de Ken Loach.

O propio alcalde de Vigo, Abel Caballero, sinalou hai unhas semanas, durante a presentación do concerto con que o Consello da Cultura Galega homenaxeou o pasado domingo a Xela Arias no Auditorio Mar de Vigo, que a cidade que rexenta era nos anos 80 un “fervedoiro”.

Foron anos, é sabido, nos que a heroína e a sida causaron estragos nunha cidade industrial sometida a unha durísima reconversión, con desgarradoras cifras de desemprego e unha sucesión constante de xornadas de folga nas que o movemento sindical adquiriu unha puxanza descoñecida.

Circunstancias todas que contribuíron ao crecemento do activismo e a reivindicación, caldo de cultivo no que se macera parte da obra de Xela Arias, envolvida na paisaxe urbana dunha cidade creativamente vibrante, “unha capital cultural non de Galicia senón de España”, en palabras de Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística.

Foron os anos da Movida Viguesa, dos que Xela Arias foi unha figura central e dos que a vertente musical é a máis coñecida ao converterse a cidade nun viveiro inesgotable de bandas de rock e pop con proxección nacional que son hoxe iconas de toda unha xeración.

Aí, na veta musical da Movida, deixou tamén Xela o seu selo inconfundible ao escribir unha ducia de letras para as cancións do grupo de rock Desertores, os cales incluíron dez delas nos seus álbums, dos que venderon 25.000 copias en toda España.

Naqueles anos 80, Xela Arias xa escribía en revistas e xornais, entre eles o *Faro de Vigo*, *Diario16 de Galicia* ou *A Nosa Terra*, participaba en recitais, e decidíase a publicar levando á imprenta *Denuncia do equilibrio* (1986), un poemario que debe moito á cidade que a acolleu e que foi publicado por Edicións Xerais, con sede na cidade olívica e onde Xela Arias desenvolveu un intenso labor editorial.

A cidade olívica deixou na poeta unha fonda pegada

Alí, ademais das súas responsabilidades editoriais, enforcou ao galego clásicos da literatura universal converténdose nunha pioneira na profesionalización da edición e a tradución, un labor que lle valeu unha choiva de afagos que veñen multiplicando nos últimos días.

En Vigo foi tamén onde Xela Arias retomou os estudos tras abandonalos en COU para matricularse en Filoloxía Hispánica co obxectivo declarado de converterse en mestra, profesión que a levou despois por institutos de varias localidades para ensinar lingua e literatura castelá, como Chapele, onde lle puxeron o seu nome á

Biblioteca Municipal; A Guarda, cuxo Instituto *A Sangriña* mantivo viva a súa figura co certame de poesía Xela Arias, ou Vigo.

Finalmente, foi nun hospital de Vigo onde faleceu aos 41 anos por mor dun ataque cardíaco, e o seu corpo repousa no cemiterio de Pereiró.

É probable que se os pais de Xela Arias non se mudaron a Vigo cando a poeta tiña sete anos fose outra a súa traxectoria, non menos relevante, pero o que é seguro é que a cidade garda con ela unha débeda que en parte saldará poñéndolle o seu nome a unha rúa.

Ramón Martínez



17 DE MAIO

Romaría das Letras 2021

Pazo de Goiáns

16:30h Apertura de portas

17:00h Actuación de baile galego – Aroña

17:15h Presentación institucional

17:30h Actuación de baile galego – Xilbarbeira

17:45h Presentacións literarias a cargo de Barbantia

18:15h Concerto – Os Melidaos

O acto será conducido por Sonia Lebedynski

Prazas limitadas. Requirese inscrición previa

www.boiro.gal

**CONCELLO DE
BOIRO**

17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Ó noso ver a poesía de Xela Arias non está bastante estudada nin o estará. A crítica non se ten portado amodo con ela. Por iso á distancia necesaria onde hoxe nos move-mos pode achegar eses criterios ponderados *–sine ira et studio–* para que o tempo, grande escolmista, poña as cousas no seu lugar, nese canon esva-radío e escorado tantas veces, acolla agora á poeta no sitio da chama –o talento é outra cousa– onde está, porque Xela trouxo consigo a súa luz para lonxe e a súa voz irrepetible, que non se quixo oír, ou malamente.

A verdade non ten contrario.

Non volvamos ó pleito das antoloxías, consultadas ou non: que santa Lucía avogosa lles conserve a vista ós antólogos que lle tocaron –ó chou-en sorte-ou á mantenta–. Que de todo hai.

Será posible mirar para outro lado ante esta voz de xabre que Xela empetoutou para nós?

Témoslle oído falar –ou lido máis dunha vez– a García-Sabell respecto da tradución de *A esencia da verdade*, traída por Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro, da conferencia de Heidegger, publicada por Galaxia, 1956. Preguntoulle don Domingos a Xabier Zubiri que lle parecía a tras-fega do texto, dende o alemán ó ga-

Palabras limiares

lego: “Mejor que al castellano”, acaso porque a lingua galega posúe maior sutileza para engarzar conxuntos de palabras nunha soa –característica do alemán– de modo que o galego é máis sinuoso que outras linguas á hora de tratar a flexión pronominal –e o seu réxime– mesmo cando concorren máis dun pronome, na amálgama ou fusión de palabras, en lingua gótica. Non podería García-Sabell, senón ponderar a cerebración de Zubiri: “aquela cabeza”.

Se traio a conto esta historia será porque, na lectura de Xela Arias moitos poemas trazan unha liña de conduta cando menos lingüística –cecais referida á cortidade do dicir– que nos levan a casos de aliaxe (que non fusión), ou construtos, que bordean a

agramaticalidade ou a sobardan, deixándose a poeta ir denodada polos precipicios que a tentan a cada paso. Este xogar ó limite semella constante na escrita de Xela. Prevarica a gusto na “verba desolada”. *À tout hasard*.

Ese operar sobre a sintaxe, ese desanoar os verbos, ese converter a lingua en acción contra si mesma... Esa dislocación marca e consolida. En modo imperativo.

O que viña ser entre gregos a arte de dispoñer os soldados antes da batalla: esa orde, a de disposición, como na frase as palabras, parece que é a única que pode acadar a vitoria, a de conseguir significado. Mais esa orde, esa lei estraña, gaña sempre a batalla dos outros: nunca a nosa, a batalla máis propia. Nesa



Luis Cochón

Profesor e escritor

loita, nese lidar pola expresividade.

A articulación nós/nosoutros é difícil e pode resultar enganosa: ou problema de límites –valente e des-tendido– onde a poeta viguesa se quixo poñer para, de aí, cicelar os seus poemas, feitos a escoupro.

Non hai outro deslinde que a loita a morte –a ultranza– contra o equilibrio, contra esa seguridade que a linguaxe parece acometer, cando fala e nos fala. Atacar a orde –a sintaxe– porque esa disposición bélica é a que garante a significación, tal que determina a orde e a lei. E así desde o principio, desde o primeiro poemario, Denuncia do equilibrio, que máis que primeiro, podería ser último.

Que se podería escribir –aínda que a denuncia persista– despois de retor-cerlle o pescozo ó cisne da lingua? Que habería por fóra da lingua, de chegar alí? Unha lingua outra detrás?

Acaso estes versos –todos eles– de Xela Arias, máis que para ler, esixen ser declamados, como ela facía, porque só así –defendidos– alcanzan un fraseo distinto e un sentido único, dramático, diante do tabique do aire:

“a marxe

do escrito correcto previsible”

A disposición de X. A. cara á súa lingua e fala é mellorativa, sempre. Aínda que teña que ir contra a orde e a lei (tantas veces estrañas), establecida ou por establecer:

“así che estrago os pronomes”

Unha poeta, que o é, ten dereito ó alfabeto, que menos. Ten dereito a un estilo. Dereito de conquista, neste caso: o estilo é a muller.

As normas, as leis están para cumplilas, tamén para transgredilas. A creación poética é sempre transgresora, infractora, como a invención. Se non valen, inventemos outras, leis e normas e códigos. Contra eles viviríamos mellor.

Calquera linguaxe com- porta para quen a usa, unha carencia, antes ou despois.

Non temos polo de hoxe ningunha monografía competente,

demorada e precisa sobre a obra da nosa poeta, que ben a merece. Tampouco achegas sagaces, limpas, que se adentren no miolo esclarecedor, de ve-

Unha poeta, que o é, ten dereito ó alfabeto, que menos. Ten dereito a un estilo. Dereito de conquista, neste caso: o estilo é a muller. As normas, as leis están para cumplilas, tamén para transgredilas

Día das

Letras Galegas

Xela Arias



Concello de TORDOIA

“O ritmo do silencio historiou sempre a aparencia de acóngo. Estupefaciente”

Xela Arias

Día das Letras Galegas



Concello de Muros

en Outes!

17 DE MAIO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

XELA ARIAS



CONCELLO DE MUROS

17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

ras, e non conformes con esas aproximacións sumarias ou adventicias, que se tentan a roupa, temerosas, por non ter cousa que dicir nin prometer. Ben se me alcanza o por que. Xela Arias non é fácil. Os seus actos de lingua, a súa escrita que permanece, non son sempre actos de fala, circunstanciales.

O primeiro viero para seguir: discernir lingua e fala que non se avéñen decote de bo xorne. Habería que indagar se X. A. non se leva -nin lle portén- coa súa escrita porque -ó mellor- non quere ser escritora. É poeta, que si, tal a cobiza doutra forma de coñecemento -o poético- distinto do que se chama, ben e mal, literatura. O asunto vén de lonxe. E nese sentido o que Xela fai non é propiamente literatura ó uso. Tampouco versos, porque non quere ou non sabe versificar. Ou non lle interesa. Aínda que faga gala de coñecer a *téchne rethoriqué* das estruturas hiperbáticas, coas que actúa contra a literatura empoleirada e en favor, sempre, da poesía espida de escansión.

Ela non vai por aí: non é iso o que busca, inconforme e rebelde. Talvez -xa se dixo antes- as súas creacións precisan ser declamadas, con desca-ro, case que impostadas, actuadas, sobreactuadas, en voz e fala. Non hai máis que constatar as gravacións



-oílas, claro- recitadas en vivo e en directo, na súa propia voz, cos poemas escritos desprovistos agora daquel fervor que tiña e que a autora proxectaba perante os auditorios.

Os poemas, no libro, perden o fulgor que tiveron in situ que nos hipnotizaba -a maxia- do recitado que na escrita foxe ou esmorece. Moitos poetas -e dos mellores- adiababan adrede a publicación, entre eles algúns que Xela coñeceu e admirou, e que mesmo a influíron.

Que as achegas sagaces que hai un pouco eu botaba en falta, moitas de-

las -senón todas- viñéronse a pousar neste caderno, con apresto e galanura que o editor agradece e admira. Perspicaces autoras e autores que, como na cartela xa esvaecida do Pórtico da Gloria, atoparon o entendemento que Deus lles deu, a modo de "incrementum in hac regione".

Nos anos oitenta, a cultura democrática fixo emerxer o activismo das mulleres cunha forza renovada pola liberdade. Vigo foi o maior expositor en Galicia desa emerxencia: unha auténtica enxurrada de artistas que desexaban gañar novos espazos de expresión e loitaron con todo o seu corpo e cobiza para conseguilo.

Alí estaba Xela Arias e tamén Berta [Álvarez] Cáccamo, que partillou con ela o onsel das experiencias rebeldes. Eran da mesma quenda ou xeración, observaban o mundo con ollos de asombro e ambas viviron intensamente o seu tempo. Agora as dúas conflúen nun libro que é homenaxe a Xela e lembranza emocionada a Berta ó se facer tres anos da súa morte.

Poeta e pintora, refráctanse no espello que as ilumina:

*Oh Fatalidade impetuosa fatalidade
esnos deudora impasible deudora
do infinito.*



Arias participou nos 80 do activismo das mulleres en Vigo. Foto: Xulio Gil

Habería que indagar se X. A. non se leva -nin lle portén- coa súa escrita porque -ó mellor- non quere ser escritora. É poeta, que si, tal a cobiza doutra forma de coñecemento -o poético- distinto do que se chama, ben e mal, literatura. E nese sentido o que Xela fai non é propiamente literatura ó uso. Tampouco versos, porque non quere ou non sabe versificar



ZIMAL

VENTA DE ANDAMIO DE ALUMINIO

C/ MARÍA ÁNGELES DE LA GÁNDARA
Nº55, P.I. DE BOISACA,
15890, SANTIAGO DE COMPOSTELA
TELF: 881946970
ADMINISTRACION@ZIMAL.ES



PERNAS

MULTICENTRO

981 809 002 • PONTEVEA • TEO

Supermercado Produtos da terra Bazar galego

HAINO TODO NA DE PERNAS!

VIÑOS, RACIÓNS, DELICATESSEN.
COMIDAS POR ENCARGA.
CATERING DE ENTRANTES

PECHAMOS OS MARTES

Rúa Ignacio Varela, 25 • Pontevea - TEO • 616 806 614

café bar casa pernas

Agora tamén en Cuntis, na Circunvalación Don Aurelio, 80

info@danielpernas.com • www.danielpernas.com

PRIMAVERA DE CULTURA

• ARZÚA 2021 •

MES DE MAIO



Luns 17 de maio

Celebración do Día das Letras Galegas

Actuación de Aldaolado co espectáculo "Epístola ás neofalantes"

Praza de Galiza | 18:00 h.

"En caso de mal tempo, no Multisus Terra do Queixar."

Venres 21 de maio

Ciclo de cine "Proxecta Galego": O que arde

Telecentro | 20:00 h

"Reserva obrigatoria no tlf. 981 500 222 ou no correo cultura@concellodearzua.com ata o día da sesión ás 14:00 h. Aforo limitado."

Sábado 22 de maio

Inauguración da exposición do Proxecto "Kogumelos" de Agustín Sánchez Carro.

Capela da Madanela | 17:00 h

Do 24 ao 30 de maio

Exposición do Proxecto "Kogumelos" de Agustín Sánchez Carro.

Capela da Madanela | Consultar horario en sala

Venres 28 de maio

Ciclo de cine "Proxecta Galego": Trinta lumes

Telecentro | 20:00 h

"Reserva obrigatoria no tlf. 981 500 222 ou no correo cultura@concellodearzua.com ata o día da sesión ás 14:00 h. Aforo limitado."

ORGANIZA



Concello de Arzúa

Departamento de Cultura

COLABORA



Deputación DA CORUÑA

EMISIÓN ONLINE EN DIRECTO DOS ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS

GARANTIRÁNSE AS MEDIDAS PREVENTIVAS DE HIXIENE E PROTECCIÓN

17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Mergúllate na obra de Xela Arias e comezarás a presentir. No espello contemplamos a outro que nos fai nós, unha copia de quen somos. Vémonos atrapados como pola luz dun poema, coma nun transmundo, ao igual que nos referenciamos na sociedade. O contraste e a distancia sitúannos.

O ser humano percíbese fisicamente e, dominado por esa certa maxia na que se afasta de si, séntese competente para crear o seu propio mito. Somos a única especie capaz de pensarse. Mostrámonos como un animal que ousa describirse e que aspira a ser inmortal.

Desde a súa perspectiva, o autor, e falo de min mesmo, empéñase en meditar a achega do que pode ocorrer na distancia desocupada ente un organismo e o seu reflexo, entre o lector e a escritura. Antes de someterse ás orientacións do *Speculum Majus* (*Espello Maior*) de Vincent de Beauvais, unha gran compilación da Idade Media, de acomodarse nas teorías de Lacan -*stade du miroir*- ou de deixarse levar pola imaxinación de Lewis Carroll ou por un verso de Xela Arias.

Indo máis alá dos límites da na-

Xela Arias, conversas aplazadas

tureza, a persoa opta por situarse na microfracción na que o espazo/tempo parece non existir, na estreita marxe que discorre entre as sombras e a súa causa; no traxecto entre a nada -o baleiro- e unha idea ou sensación, un conto, unha cor, unha onda, un poema, a creación do mundo coñecido; na separación dos seus semellantes ou na ideación dun corpo. E cando o autor parece desorientado entre cero e infinito o lector acha alivio nas pequenas cousas.

Non nos atopamos ante unha obra sobre espellos, accedemos a unha reflexión íntima para humanos conscientes do seu ser, sen que

importen a idade ou o xénero.

O enigma máis sobresaliente terá que desvelarse na xusta distancia entre o que cada un dos seres asimila como vida ou morte, ideación, intención ou poema. O narrador vai redescubrir e ficcionar algo que pasara desapercibido.

Na miña perspectiva, a escrita de Xela Arias é fractal, de obrigada lectura lenta e provocativa, crecente, quizais porque nos fai comprender de súpeto o que semellaba hermético.

É seguro que a súas páxinas serán relidas abrindoas ao azar. Entre a palabra inicial e a última non hai distancias e, con todo, sepá-



Alberto Barciela

Xornalista

raas a explicación da existencia. As vivencias, os mitos e os tempos mestúranse nunha memoria breve, relucinte.

As explicacións escritas son inadecuadas na súa limitación. Aínda que coñecemos que case todo foi dito, confiamos en que albergue un ditame inédito e clarificador, un algo que nos conservará expectantes sobre o que, na conclusión do proceso, nos distinga como especie e poida facernos imperecedoiros. A solución disimúlase entre cousas e haberá de asombrarnos pola súa naturalidade.

Enfilamos unha dirección fortuíta. Atinamos con determinadas explicacións, mais incluso os estilos da fala ou da escritura impoñen bainas pasatempos. Por iso na nosa relación é substancial acordar certas disposicións. Por exemplo, non recorrer a feitos triviais. Caemos en inexactitudes, vémonos condicionados a distintas obxectividades, complementarias, paralelas ou non. A percepción é

distinta para cada persoa dependendo das circunstancias.

Cada quen escudriña a súa opinión cos seus criterios e subxectividades, pero son eles, os autores trascendentes como Xela Arias, os que nos perciben, reflicten, auxilian, memorizan e os que deberán evocarnos ou esquecernos no futuro. Eles, os outros, fan gratas as xornadas triviais e as pandémicas.

Para comezar un relato plausible, deberíamos rematar coas cavilacións estrambóticas, esquivar postulados vans. Hai que celebrar

o Día das Letras Galegas 2021. É certo, nesta pandemia incúmbe-nos optar por unha estratexia vital, o máis efectivo será dar cos remedios para cada día. Non máis. Sexamos alegres e serios, nunca estritos.

Eu quedarei con Xela Arias para tomar outros poemas, temos conversas aplazadas.

Non nos atopamos ante unha obra sobre espellos, accedemos a unha reflexión íntima para humanos conscientes do seu ser, sen que importen a idade ou o xénero. O enigma máis sobresaliente terá que desvelarse na xusta distancia entre o que cada un dos seres asimila como vida ou morte, ideación, intención ou poema



**DÍA 17 DE MAIO
DAS LETRAS
GALEGAS**



hoje estamos
de celebración con
Xela Arias

#DíaDasLetrasGalegas2021



*Falamos antigas linguas coma carnes afiadas
e as estrelas pousadas cravarón nos muros
propagandas novas serían sireas apagadas
as peles son verbos e os verbos velos.*

Denuncia do equilibrio, 1986

**O 17 de maio
hai que celebralo**

Forma parte do noso ser máis
íntimo: a memoria de **Xela Arias**

**Feliz Día das
Letras Galegas!**



Concello de
COIRÓS
www.concellocoiros.com

17 M



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Xela Arias, intempo de Sarria, no mesmo intempo de Vigo, ano 2003, outro século nas nosas cancións, nos nosos sentimentos, e non sei ben se nas nosas emocións.

As palabras son así: "Vide./Convíдовos ó espectáculo de non ser para ser de todo./ Vide que vos convido / a vos ver. / Ven que te reto / a te ver a ti desde ti en ti". O tempo de alcátrán, disociación de múltiples espectáculos, multidualidade, se tal vocábulo existe, ou veño eu de inventar nesta tarde de primavera: convíдовos ó espectáculo. É esencia das palabras que percibiron o poema para os sentidos, é Xela Arias no abaixamento que quixo para si a vida; veño de me *intemperiar* en fragancias de outonos esquecidos, escribín, delatada a tarde do que foi e xa non é trasunto de Vigo. Sabía do seu libro, sen saber que non era tan así definitivo, e non quero dicir premonitorio, pero si revelador.

O anunciado xa estaba naquel seu primeiro poemario: *Denuncia do equilibrio* e prosegue en *Tigres coma cabalos*. Hai unha indefectíbel unidade temática nos versos de Xela: a vida, amor e morte, perfecta harmonía do ser en relación co ontolóxico, e hai serenidade pese á non aceptación do tránsito feroz

Convíдовos ao espectáculo de non ser

que as quendas supón o vivir, a amargura ao outro, aos outros: "Desordenome, amor, / e dou co punto / único / do centro dos abrazos".

Binomio orde-desorde, establecer a ecuación da beleza, a fragmentación do Universo, o retrato do Caos: "Mais regrésote á cor das cousas / e fundo / un historial de termos conquistados / con paixón de pintadora de imaxes / líquidas. / Miñas, / de primeira man as palabras que uso, / por dotarte, / de contido".

Os versos aquí citados corresponden todos ao libro último de Xela, *Intempériome*, singradura definitiva, esclarecedora. Qué é *Intem-*

périome? Ela mesma o di: Íspeme o idioma. Intemperio, intemperie, intemporal, fóra xa de tempo: "sómbrame que sei de sobra / a carnaza que entre veras así devora así vomita / a poesía".

A nosa poeta sabe da inminencia inerte do tempo, e con vocábulos chave-clave resolve as ecuacións dos enigmas substantivados para erguer sobre si o equilibrio denunciado, os días recobrados, proustianamente: "Apaño a felicidade insomne dos intentos, / e procuro o paso do traspaso das palabras / máis alá / de calquera tipo de entusiasta / ficción documentada / (ou quedada)".

Cal é o equilibrio denunciado hai



Manuel Vidal Villaverde

Xornalista, poeta e ensaísta

máis de trinta anos? Pois o mesmo que denuncia neste libro, coherente con *Intempériome*: "Ambicioso o equilibrio dos extremos, / que tanto pesan, / a cada lado. / Pero sempre hai un gañador, anque perda".

BIOSINTAXE E OUTRAS ESTRUTURAS. Poida que a brevidade sexa unha manifestación innecesaria da vida, *ad litteram*. Aínda non era mediodía en Compostela. Nova Facultade de Filosofía. Un recital no que participabamos, entre outros, Xela, Helena de Carlos, Rafa Villar, Manuel Outeiriño, Xavier Rodríguez Baixeras e quen subscribe estes parágrafos. Reflexiono, entón, nestes versos de Xela, con ecoares de Gil de Biedma: "De certo, a vida ía en serio. / Por iso morrer non conta / números. / Eras moza, / cómplice nunha derrota que non / sumabas. Feliz por terte insomne / por inmortal".

Despois, cando a traxedia do *Prestige*, ou unha manifestación cívico-poética das Redes Escarlata. Aínda non era tempo de esquecer. Despois, os días foron esvaecendo no recurso máis inútil da memoria, como un novembro calquera en paixóns íntimas e últimas, en palabras máis que en libros de vertixe.

Malva como os anxos neutros do

equidistante Juan Ramón Jiménez, "blancura sinistra da neve" en Xosé Ánxel Valente.

As quendas, o silencio é toda a elocuencia posíbel. Enmudezo e dou fin a esta evocación, con este poema da miña autoría para este día das Letras Galegas adicado á memoria de Xela Arias:

Irisación de corpos en alba. Cada letra ten unha cor.

O a dun branco frío en perpetui da-

de de neve, o a só, leve e senlleiro, artigo ou contracción, e o til engade ao círculo unha sombra de verde herba que pugna por saír ao arrebato da luz cando as sílabas, xa palabras, propostas longas linguas lonxivagas en bocas acesas integradas.

Así soubo o Ser dicir posesión posuída e descubrir Arco Iris,

de química impura e certeza de náusea e vágado,

linguaxe de mans aínda non ausentes frías,

xeados ollos de mármore para erguer gris na mañá insomne,

ípsilon en programación de misterios,

en púrpuras e ocre que se corresponden entre si

e deixan pegada e cor nos camiños.

Maio Cultural

Letras Galegas 2021

DO 14 AO 31 DE MAIO

DO 14 AO 31 DE MAIO
Exposición da obra poética de **XELA ARIAS**
con acceso a contidos multimedia.
Lugar: Praza do Concello

15 DE MAIO
Andaina Terras de Altamira-Brion
Saída/chegada na Carballeira de Sta. Minia

16 DE MAIO
Entrega do PREMIO LAUDAMUCO para
Textos Teatrais ao escritor
FRANCISCO A. VIDAL BLANCO

DO 18 AO 21 DE MAIO
LETRAS NA CARBALLEIRA "XELA ARIAS 2021" Xogos de pistas dirixidos ao alumnado do CEIP de Pedrouzos na Carballeira de Sta. Minia.

18 DE MAIO
A XANELA DO MAXIN con Celtia Figueiras
Presenta: "Os libros da titiriteira"
Lugar: Escola de Bastavales

21 DE MAIO
SORAYA LEMA presenta o espectáculo:
"O Exército das Paxariñas"
Lugar: Escola de Os Anxeles

Concello de Brion
www.concellodebrion.gal

CASA DA CULTURA
Carballeira de Sta. Minia, 5
Tfno.: 981 50 99 08

CEIP de Pedrouzos

BPB

LETRAS GALEGAS

2021 MELIDE

➤ **EXPOSICIÓN DA OBRA POÉTICA DE XELA ARIAS**
Con acceso a contidos multimedia
Lugar: cantón de San Roque, praza do Convento e praza das Universidades durante todo o mes

➤ **10, 13 E 21 DE MAIO**
ACTIVIDADES NOS CENTROS EDUCATIVOS
CEIP N° 1: *Sabela o paxaro máxico* (Tarabelos)
CEIP N° 3 Pastor Barral:
O que levamos nas maletas (Magín Blanco) e *Os contos do avó, lendas e historias de Galicia* (Moc Moc)
CEIP N° 2 Martagona: *Alén* (Paso de Valverde)
IES: *Falade galego rapazada...é unha pasada* (Pepo Suevos)

➤ **14 DE MAIO** ás 11:00h
PROGRAMA EN RADIO MELIDE DEDICADO A XELA ARIAS

➤ **17 DE MAIO** ás 18:00h
XELA ARIAS. Contacontos, obradoiro de debuxo ilustrado para o público en xeral
Lugar: centro sociocultural Míngos de Pita
RESERVAS: no correo reservasculturais@concellodemelide.gal ou no teléfono 981 505 003-ext. 2122

➤ **22 E 23 DE MAIO** de 17 a 20 h
OBRAOIRO DE RAP IMPROVISADO EN GALEGO (para maiores de 13 anos)
Lugar: parque de Rosalía de Castro e centro sociocultural Míngos de Pita
RESERVAS: no correo reservasculturais@concellodemelide.gal ou no teléfono 981 505 003-ext. 2122

➤ **DITAME DO I PREMIO DE RELATO CURTO EN PROL DA IGUALDADE**

➤ **COLOCACIÓN DE FRANXAS CON FRASES LITERARIAS NOS PASOS DE CEBRA DAS RÚAS E ESTRADAS DE MELIDE**

➤ **DÍPTICO INFORMATIVO SOBRE XELA ARIAS**

Concello de Melide

www.concellodemelide.org

DÍA DAS **XELA**
LETRAS **ARIAS**
GALEGAS **CASTAÑO**

2021

Xela Arias. A poesía como acción.

Proxecto didáctico en centros de ensino en colaboración coa AELG

Edición de dúas **guías didácticas sobre Xela Arias** para primaria e secundaria

Espectáculo multiartístico **"Por Xela"**. 19 de maio no IES Puga Ramón

Mulleres nas Letras: De onte a hoxe. Vídeos divulgativos de Xela Arias, Francisca Herrero Garrido, María Mariño, Rosalía de Castro e M^o Vitoria Moreno

"Declárome Incorforme" (Xela Arias)

intervención artística en pasos de peóns de 10 concellos

Edición do libro **"Xela Arias. Poesías e retratos"**
en colaboración coa editorial Engaiolarte



Deputación
DA CORUÑA

**Cantas cousas
en silencios nos contamos**

Xela Arias, 1985